



**Resolución da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se adxudica a contratación da xestión de servizos públicos para a reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia en concellos da Comunidade Autónoma galega, Lote 1 (A Coruña), mediante a modalidade de concurso, polo procedemento aberto e tramitación documentalmente simplificada. (Expediente: PA 76/2014)**

## FEITOS

**Primeiro.**- Mediante Resolucíons do órgano de contratación aprobáronse os seguintes documentos que rexen a presente contratación:

- Prego de Prescricións Técnicas ..... 29 de xullo de 2014
- Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares ..... 29 de xullo de 2014

**Segundo.**- Con data 08/08/2014 apróbase un gasto máximo de 552.035,31 € para o contrato, para o ano 2014 con cargo á aplicación orzamentaria 11.04.312D.228.1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014. O orzamento para o Lote 1 (40 prazas de atención residencial no Concello da Coruña) ascende a 184.011,78 €, dos que a Xunta de Galicia aportaría estimativamente o 80% (147.209,42 €)

**Terceiro.**- O anuncio de licitación deste procedemento foi publicado de acordo co establecido no artigo 142 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no Diario Oficial de Galicia número 155, do 18 de agosto de 2014.

**Cuarto.**-As empresas que presentaron as súas proposicións para o Lote 1 dentro do prazo establecido (sobres A, B, C), de acordo co certificado expedido pola responsable da oficina do rexistro único e información do complexo administrativo de San Caetano, foron as seguintes:

- Instituto Benéfico Social Padre Rubinos
- Fundación ADCOR

**Quinto.**- En virtude da cláusula 5.4.4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a presente contratación, a solicitude da mesa de contratación, elaborouse un informe técnico de data 16/10/2014 para a valoración das ofertas, de acordo aos criterios non availables mediante fórmulas establecidos no apartado 5.2 do prego de cláusulas administrativas particulares. Do contido do citado informe, despréndese o seguinte:

O Instituto Benéfico Social Padre Rubinos:

- Presenta unha metodoloxía de intervención na que se describe a elaboración do Plan de Atención Integral de forma detallada (procedemento de valoración, detección de necesidades, obxectivos dos distintos ámbitos profesionais, determinación dos programas e actividades, seguimento e avaliación continua). Se ben non fai un maior desenrolo da programación dos distintos programas e actividades. Tamén presenta todos os protocolos esixidos no prego de prescricións técnicas desenvoltos con gran concreción. En xeral destaca a sistematización, concreción e a claridade na exposición da metodoloxía de intervención, destacando os modelos de rexistros específicos asociados ó PAI e ós protocolos. Por todo o exposto acada 18 puntos neste apartado.
- O plan de formación do persoal reflicte as accións formativas, as categorías profesionais ás que está dirixido, os obxectivos, os contidos e o calendario de execución. O plan cubre todas as categorías profesionais cuns contidos e un volume dos mesmos axeitados. En consecuencia acada neste apartado 8 puntos.

A Fundación ADCOR:

- Presenta unha metodoloxía de intervención na que describe a elaboración do Plan de Atención Integral de xeito xeral indicando que a valoración a realiza un equipo multidisciplinar do centro. Faise referencia á valoración integral do usuario, á detección das necesidades, ós obxectivos, e á avaliación periódica. Se ben o grado de desenvolvemento e de sistematización do PAI non é moi elevado. Presenta os protocolos esixidos no prego de prescricións técnicas e catro protocolos adicionais. Non queda acreditada a disposición de rexistros específicos asociados ó PAI e a todos os protocolos. Por todo o indicado a puntuación neste apartado é de 17 puntos.



- O plan de formación recolle a listaxe dos cursos, calendario de execución no ano 2014 e perfís profesionais ós que van dirixidos. As accións formativas son axeitas para a atención á tipoloxía de prazas que se licitan e inclúe a distintos perfís profesionais. Por todo o indicado a puntuación neste apartado é de 7 puntos.

**Sexto.**- Doutra banda, a valoración das proposicións contidas no sobre C (documentación available mediante fórmulas) efectuouse mediante a aplicación das fórmulas referidas na cláusula 5.2 do prego de cláusulas administrativas particulares, emitíndose un informe de data 23/10/2014, coa correspondente puntuación total por apartados, de acordo co que se sinala a continuación:

O Instituto Benéfico Social Padre Rubinos:

- Oferta un prezo praza/día de 47,00 € (IVE non engadido) puntuado con 40 puntos.
- Oferta unha ratio de persoal de atención directa de 0,42, puntuada con 27 puntos.

A Fundación ADCOR:

- Oferta un prezo/praza día de 48,08 € (IVE non engadido) puntuado con 0 puntos.
- Oferta unha ratio de persoal de atención directa de 0,72, puntuada con 30 puntos.

De acordo cos citados informes de valoración a puntuación total acadada polas ofertas presentadas polas entidades licitadoras para o Lote 1 foi a seguinte:

ENTIDADE	PUNTUACIÓN SOBRE B	PUNTUACIÓN SOBRE C	PUNTUACIÓN TOTAL
INSTITUTO BENÉFICO SOCIAL PADRE RUBINOS	26,00	67,00	93,00
FUNDACIÓN ADCOR	24,00	30,00	54,00

**Sétimo.**- Unha vez ponderados os criterios que deben aplicarse para efectuar a selección do adxudicatario, a mesa de contratación, de acordo coas puntuacións contidas nos citados informes, na súa reunión de data 24/10/2014 acordou formular a este órgano de contratación a correspondente proposta de adxudicación do contrato de xestión de servizos públicos para a reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia en concellos da Comunidade Autónoma galega (Lote 1: Concello da Coruña) a favor da entidade INSTITUTO BENÉFICO SOCIAL PADRE RUBINOS

**Oitavo.**- Con data 13/11/2014 enviouse o requerimento á entidade INSTITUTO BENÉFICO SOCIAL PADRE RUBINOS para que no prazo de 10 días hábiles presentase a documentación esixida na cláusula 5.4.7 do prego de cláusulas administrativas particulares. O 18/11/2014 presenta a documentación requirida, se ben a mesa de contratación, na sesión do 27/11/2014, acorda que a solvencia técnica ou profesional non está acreditada de forma correcta. Polo cal se lle require a emenda da mesma o 28/11/2014, dándolle un prazo de tres días hábiles. A documentación requirida foi presentada o 02/12/2014, acordando a mesa de contratación, na sesión do 04/12/2014, que a mesma figura toda correcta.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

**Primeiro.**- Segundo o disposto nos artigos 151 e 165 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, polas competencias que teño atribuídas polo artigo 1.º d) da Orde do 19 de agosto de 2009, sobre delegación de competencias nos órganos superiores e nos/as xefes/as dos departamentos territoriais da Consellería de Traballo e Benestar (DOG n.º 172, do 2 de setembro de 2009), de acordo coas razóns expostas nos citados informes técnicos onde figuran de xeito detallado as características e vantaxes das proposicións admitidas e a conseguinte puntuación obtida por cada una das ofertas nos distintos apartados obxecto de valoración, e de conformidade coa proposta formulada pola Mesa de contratación constituída neste procedemento,



RESOLVO

Primeiro.- Adxudicar a contratación da xestión de servizos públicos, para a reserva e ocupación de prazas no servizo de atención residencial para persoas maiores en situación de dependencia en concellos da Comunidade Autónoma galega (Lote 1: Concello da Coruña), á seguinte entidade:

Empresa adxudicataria	Prazas/Concello	Orzamento 2014	Achega Administración
INSTITUTO BENÉFICO SOCIAL PADRE RUBINOS	40 prazas no concello da Coruña	9.400,00 €	7.520,00 €
	<b>TOTAL :</b>	<b>9.400,00 €</b>	<b>7.520,00 €</b>

Segundo.- Ordenar a publicación desta Resolución na mesma data no "Perfil do contratante" da Consellería de Traballo e Benestar, aos efectos de dar cumprimento ao establecido nos artigos 53 e 151.4 do TRLCSP, e a que se notifique a todos os interesados no procedemento.

Terceiro.- A formalización deste contrato deberá efectuarse non antes dos 15 días hábiles seguintes a aquel no que a entidade adxudicataria reciba a notificación da adxudicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer potestativamente o recurso especial en materia de contratación ó que se refire o artigo 40 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales no prazo de quince días hábiles a contar a partir do día seguinte a aquel no que se remita a notificación desta resolución. En todo caso, o escrito de interposición do recurso deberá presentarse necesariamente no Rrexistro do órgano de contratación ou no Rrexistro do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (Avenida General Perón, nº 38, 28020 Madrid; <http://tribunalcontratos.gob.es>), competente para a resolución do recurso (segundo convenio de colaboración entre o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas e a Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no BOE de 25/11/2013) e ó mesmo axuntarase a documentación que establece o artigo 44.4 do TRLCSP.

Con carácter previo, de acordo co artigo 44.1 do TRLCSP, deberá anunciarse a interposición do recurso mediante un escrito que se presentará ante o órgano de contratación no prazo previsto no apartado anterior para interpoñer o recurso, e no cal deberá especificarse o acto do procedemento que vai a ser obxecto do mesmo.

En caso de non optar por esta vía, cabe interpoñer directamente un recurso contencioso administrativo perante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da notificación desta resolución, segundo o dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 05 DEC 2014  
A conselleira de Traballo e Benestar (P.D. Artigo 1 da Orde do 19/08/2009)  
A secretaria xeral técnica

